



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

OBXECTIVOS:

Ademais dos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, os **ciclos de Formación Profesional Básica** contribuirán a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara a vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

DURACIÓN:

A duración dos ciclos de formación profesional básica será de 2.000 horas, equivalentes a **2 cursos** académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.

REQUISITOS DE ACCESO:

É preciso que a alumna ou alumno cumpra **de forma simultánea** os seguintes requisitos:

- a) Ser proposta/o polo equipo docente.
- b) Consentimento da nai, pai ou das/os titoras/es legais.
- c) Facer **15 ou 16 anos** no ano de inicio do ciclo formativo.
- d) Ter cursado o **3º** curso da ESO ou, excepcionalmente, ter cursado 2º.

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

TIPOS DE MÓDULOS:

Os ciclos formativos de formación profesional básica incluírán os seguintes tipos de módulos:

1. **Módulos** asociados a **unidades de competencia** do "Catálogo nacional de cualificacións profesionais".
2. **Módulos** asociados aos **bloques comúns**:
 - 2.1. Módulo de Comunicación e sociedade I.
 - 2.2. Módulo de Comunicación e sociedade II.
 - 2.3. Módulo de Ciencias aplicadas I.
 - 2.4. Módulo de Ciencias aplicadas II.
3. Módulo de formación en centros de traballo, **FCT**.

PROGRAMAS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- As alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais poderán cursar **programas formativos adaptados ás súas necesidades**.
- Os programas formativos terán unha duración de **1 curso académico**.
- Inclúen módulos profesionais de títulos profesionais básicos e outros módulos de formación apropiados para a adaptación ás súas necesidades.
- Módulos profesionais de títulos profesionais básicos:
 - ▶ Módulos asociados ao bloque común: Comunicación e sociedade I, e Ciencias aplicadas I.
 - ▶ Módulos asociados a unidades de competencia incluídos nalgún título de formación profesional básica.
 - ▶ Módulo Formación en centros de traballo, **FCT**.

PRAZOS E PROCESO DE ADMISIÓN:

Presentar **unha única solicitude de admisión** e matrícula, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais) segundo o [anexo I](#).

A solicitude presentárase **no centro educativo no que pretenda ser admitida**, e no caso de que a docencia do ciclo se organice en dous centros, a solicitude deberá presentarse no centro onde se impartan os módulos asociados a unidades de competencia.

Documentación a presentar:

- Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Comunicación de incorporación á formación profesional básica segundo o [anexo IV](#), no caso de alumnado que foi proposto polo equipo docente con 15, 16, ou 17 anos.
- Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade.

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: do **2 ao 12 de setembro de 2019** (até as 13.00h).

CRITERIOS DE PRIORIDADE:

- a) Alumnado que teña cursado 2º da ESO.
- b) Alumnado que teña cursado 3º da ESO.
- c) Alumnado que teña cursado 4º da ESO.

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

LISTAXE ADMITIDOS: os centros educativos farán pública a listaxe de persoas admitidas e non admitidas en cada ciclo formativo o día **13 de setembro**.

RECLAMACIÓN Á LISTAXE: **13 e 16 de setembro**.

PRAZO DE MATRÍCULA: desde o día **13 ao 20 de setembro**.

MÁIS INFORMACIÓN:

Nos propios centros

Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Edificio Administrativo de Monelos, 7º andar

Rúa Vicente Ferrer, 2. 15008- A Coruña

Tel.: **981 184 702**

www.edu.xunta.es/fp/fpbasica

NORMATIVA:

- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos. (DOG: 15-09-2014)

- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas. (DOG: 22-07-2015)

- ORDE do 13 de xuño de 2019 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20. (DOG: 21-06-2019)

- RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20. (DOG: 09-08-2019)

OFERTA DE CICLOS FORMATIVOS DE F. P. BÁSICA NA CORUÑA, CURSO 2019-2020

CENTRO Enderezo/ Teléfono	CICLOS
CENTROS PÚBLICOS	
IES CALVO SOTELO Rúa A. M. Huntington, 24. 15011 Tel: 981 252 600 ies.calvosotelo@dicoruna.es www.iescalvosotelo.com	- Artes gráficas - Carpintería e moble - Fabricación e montaxe
IES URBANO LUGRÍS Avda. Arteixo, 128. 15007 Tel: 881 960 715 ies.urbano.lugris@edu.xunta.es www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris	- Electricidade e electrónica - Informática de oficina
IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ R/ Caballeros, 1. 15006 Tel: 881 960 260 ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es www.fernandowirtz.com	- Informática e comunicacións
CIFP SOMESO R/ Someso, 6. 15008 Tel: 881 880 001 cifp.someso@edu.xunta.es www.edu.xunta.gal/centros/cifpsomeso	- Carpintería e moble (centro asociado IES A Sardiñeira) - Fabricación e montaxe (centro asociado IES A Sardiñeira) - Mantemento de vehículos (centro asociado IES A Sardiñeira) - Peiteado e estética (centro asociado IES Elviña) - Reforma e mantemento de edificios (centro asociado IES Elviña)
CIFP PASEO DAS PONTES R/ San Pedro de Mezonzo, s/n. 15004 Tel: 981 160 196 cifp.paseodaspontes@edu.xunta.es http://cifppaseodaspontes.es/	- Aloxamento e lavandaría (centro asociado IES Urbano Lugo) - Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel (centro asociado IES Urbano Lugo)
CENTROS PRIVADOS	
CPR AULA NOSA R/ Mosteiro de Caaveiro, 1. 15010 Tel: 981 250 019 cpr.aula.nosa@edu.xunta.es www.aulanosa.es	- Informática de oficina ©
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA R/ Valle Inclán, 1. 15011 Tel: 981 251 090 cpr.fogar.santamargarida@edu.xunta.es www.fhsm.es	- Servizos comerciais ©
CPR LA GRANDE OBRA DE ATOCHA R/ Baltasar Pardal Vidal, 1. 15001 Tel: 981 222 542 cpr.grandeobra.atocha@edu.xunta.es www.lagrandeobradeatocha.com	- Servizos administrativos ©
CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES Praza Ángel Ron Fraga (médico), 9. 15004 Tel: 981 259 006 cpr.nebrija@edu.xunta.es http://cprnebrija.es	- Informática e comunicacións © - Servizos administrativos ©

© Concertado

OFERTA DE PROGRAMAS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA NA CORUÑA, CURSO 2019-2020

CENTRO Enderezo/ Teléfono	PROGRAMA FORMATIVO
CEE MARÍA MARIÑO As Xubias, 15. 15006 Tel: 981 174 273	- PFB de Reprografía - PFB de Servizos de restauración - PFB de Xardinaria e viveirismo
CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO R/ Ronda Camilo José Cela, 2. 15008 Tel: 981 283 496	- PFB de Actividades domésticas - PFB de Limpeza de edificios - PFB de Peiteado